



## **BANDO DE ALCALDÍA**

Pablo Diego Moreda Gil, alcalde do concello de Cedeira

### **FAI SABER QUE:**

Para os efectos de poder preservar o bo estado das pistas e camiños municipais fronte á actividade extractiva forestal e poder garantir o normal uso dos viais afectados por esa actividade, o concello de Cedeira **ADOPTA A SEGUINTE MEDIDA:**

Os madeireiros encargados dos traballos de extracción deberán comunicar a este Concello, con carácter previo aos traballos referidos, xunto coa autorización de corta pertinente, os seguintes datos identificativos:

- data e hora dos traballos
- localización do predio (referencia catastral, nome do monte, parroquia e calquera outra denominación que permita a identificación inequívoca do enclave)
- titular do predio (nome e apelidos ou razón social e NIF/CIF)
- camiños e/ou vías a utilizar nos traballos

En cumprimento do establecido na Ordenanza municipal reguladora das actividades nos montes e espazos forestais do concello de Cedeira **LÉMBRASE A OBRIGA DE:**

Reparar de forma inmediata os deterioros producidos nos viais, ou nas estruturas anexas, así como a retirada dos restos procedentes das operacións de corta, carga e almacenamento

En Cedeira, a 2 de novembro de 2023

O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil